



TRABALLOS DE FIN DE MAXE 2016/2017

O traballo de fin de mestrado (TFM) é o colofón do curso de posgrao. Todo o alumnado debe realizalo logo de superar os cinco módulos da parte xeral e unha vez rematadas a especialidade e as prácticas. Non se poderá obter o título de Mestrado sen a superación previa do TFM, nin poderá presentarse este sen ter superados previamente os créditos formativos.

O TFM axustarase ás seguintes directrices:

1.º) **TEMA:** o TFM deberá realizarse, por regra xeral, sobre un tema encadrable na especialidade que cursara o/a alumno/a.

2.º) **TITORIZACIÓN:** o TFM será coordinado e supervisado polo/a titor/a. O/A coordinador/a da especialidade asignará a cada alumno/a un titor ou titora de TFM que seleccionará o tema xunto co/a alumno/a, coordinará e supervisará a execución do TFM e deberá dar o visto e prace á súa presentación.

3.º) **EXTENSIÓN:** o TFM terá a extensión que considere conveniente o/a titor/a. A modo de recomendación suxírese unha extensión non menor de 30 páxinas (letra Arial de 12 puntos, a espazamento simple) e non superior a 80. A data límite para escoller titor e tema é o 3 de abril de 2017.

4.º) **CRITERIOS FORMAIS:** para a elaboración do TFM hai que respectar os seguintes criterios formais:

Na súa cuberta exterior e na primeira páxina deben constar claramente os seguintes datos:

- Denominación do posgrao (MAXE)
- Título do traballo: en galego ou castelán, e inglés
- Nome e titulación do/a autor/a
- Nome e cargo do/a titor/a
- Data de presentación

O TFM deberá conter, cando menos, as seguintes partes:

- Presentación do tema escollido
- Desenvolvemento
- Conclusións
- Bibliografía e documentación ou material empregados

Para as citas a pé de páxina, se usará a IOS 690: 2013, que está dispoñible na web da Biblioteca da UDC.

5.º) **ENTREGA:** cada alumno/a deberá entregar ao/á coordinador/a da súa especialidade en formato papel tres exemplares do TFM, co visto e prace do seu titor ou titora, e tres resumos do traballo.

A entrega do TFM realizarase ao/á coordinador/a de especialidade co visto e prace do titor ou titora do TFM, como mínimo, antes das seguintes datas:

- Para o alumnado que se presente na convocatoria de xaneiro: o prazo de entrega remata o venres 22 de decembro de 2017 (inclusive)
- Para o alumnado que se presente na convocatoria de maio: o prazo de entrega remata o venres 18 de maio de 2018 (inclusive)
- Para o alumnado que se presente na convocatoria de xullo: o prazo de entrega remata o venres 6 de xullo de 2018 (inclusive)

Recórdase que todo o alumnado dispón de dúas oportunidades para a defensa do TFM. Necesariamente ten que se presentar na convocatoria de xullo aqueles/as alumnos/as que suspenderan algunha materia do primeiro cuatrimestre.

6.º) **DEFENSA:** o TFM defenderase perante un tribunal composto por tres profesores/as nomeados/as polo/a coordinador/a do Mestrado, dous dos cales serán necesariamente doutores/as.

Publicación dos lugares, datas e horas de defensa dos TFM, así como a composición dos tribunais:

- Para o alumnado que se presente na convocatoria de xaneiro: cada coordinador/a da especialidade fará pública esta información o venres 22 de decembro de 2017; e a defensa terá lugar entre o 8 e o 19 de xaneiro de 2018 (ambos incluídos).
- Para o alumnado que se presente na convocatoria de maio: cada coordinador/a da especialidade fará pública esta información o venres 18 de maio de 2018 e a defensa terá lugar entre o 21 de maio e o 8 de xuño de 2018 (ambos incluídos).
- Para o alumnado que se presente na convocatoria de xullo: cada coordinador/a da especialidade fará pública esta información o venres 6 de xullo de 2018 e a defensa terá lugar entre o 9 e o 20 de xullo de 2018 (ambos incluídos).

O/A alumno/a disporá dun máximo de 10 minutos para presentar o seu traballo e poderá recibir preguntas ou recomendacións por parte do tribunal.

O tribunal valorará o contido do TFM (70%) e a exposición oral (30%), e outorgará unha cualificación numérica entre 0 e 10. Concederase a cualificación de “Matrícula de honra” ao mellor TFM. As cualificacións comunicaránse ao alumnado a través da plataforma Moodle ou no taboleiro de anuncios da Aula Maxe

ANA ABA CATOIRA
Coordinadora académica do Mestrado